

OTROGRAFIA PÁXINA 166-167

1 –O teléfono bótame fume! En media hora recibín catro chamadas: unha de Uxío, o meu veciño; outra de Xela, a miña irmá; outra de Mariña, a miña mellor amiga; e outra de Lucas, meu irmán.

–A verdade é que son moitas; con todo, están lonxe das dez que recibín eu.

2 Ao longo da historia as persoas utilizaron diferentes materiais para escribir sobre eles: pedras, os homes primitivos; papiros, os exipcios; taboíñas de cera, os romanos; e pergameos, os monxes da Idade Media. Menos mal que se inventou o papel porque... imaxinas como irías de cargado ao colexio?

3 Para a clase de ximnasia merquei unhas zapatillas; para a de debuxo, un compás; para a de matemáticas, unha calculadora; e para a de xeografía, un globo terráqueo.

4 • Ana leu ese libro cinco veces; con todo, sempre se ri coas bromas e cos chistes que aparecen nel. • Meus tíos teñen un bo coche; non obstante, decidiron que era moito mellor para eles facer a viaxe en tren.

5 Actividade de ditado.

SABER FACER 169

RESPOSTA LIBRE.

LITETARUTA PÁXINA 170

1 • F ► Todas as narracións se estruturan en tres partes: presentación, nó ou trama e desenlace. • F ► O marco da historia introdúcese na presentación. • V.

2 • PRESENTACIÓN ► «Unha vez [...] un oso enorme». Cóntase que o lugar onde ocorre a acción é un bosque e o tempo é o pasado; tamén se presentan os dous personaxes e o problema que teñen. • NÓ ► «Auxilio! [...] convencido de que estaba morto, marchou». Explícase o que fan os personaxes para solucionar o problema. Un amigo sálvase e deixa de axudar ao outro, que sobrevive grazas ao seu enxeño. • DESENLACE ► «Desaparecido o perigo [...] marchou para a casa só». Dáse a ensinanza moral: os amigos que te abandonan cando os necesitas non son amigos.